

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA TURISMO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 27 de agosto de 2015 pola que se anuncia a licitación para a contratación, non suxeita a regulación harmonizada, da obra relativa ao proxecto de construción de acondicionamento do Camiño de Santiago do Norte. Ruta do Interior. Camiño Primitivo ou de Oviedo, tramitado polo procedemento aberto con pluralidade de criterios e documentalmente simplificado, cofinanciado nun 80 % polo programa operativo Feder Galicia 2014/2020 (PI 6.3, OE 6.3.2).

1. Entidade adxudicadora.

Organismo: Axencia Turismo de Galicia.

Dependencia que tramita o expediente: Xerencia da Axencia Turismo de Galicia.

2. Obxecto do contrato.

Tipo de contrato: obras.

Descrición do obxecto: obra relativa ao proxecto de construción de acondicionamento do Camiño de Santiago do Norte. Ruta do Interior. Camiño Primitivo ou de Oviedo.

Prazo de execución: catro (4) meses.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

Forma de adxudicación: adxudicación baseada en pluralidade de criterios.

4. Orzamento base de licitación.

Importe sen IVE: 472.812,11 euros.

IVE (21 %) : 99.290,54 euros.

Importe total: 572.102,65 euros.



5. Garantías.

Provisional: non se exige.

Definitiva: 5 % do importe de licitación, IVE excluído.

6. Obtención de documentación e información.

O prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas da obra poderán ser examinados na Área de Contratación da Axencia Turismo de Galicia.

Poderanse obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da internet:

<http://www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=23316>

Información de índole técnica: teléfono 881 99 60 68.

Información de índole administrativa: teléfono 981 54 74 99.

7. Requisitos específicos do contratista.

Exíxese clasificación no grupo G, subgrupo 6, categoría d.

Solvencia económica e financeira: deberá xustificarse polos medios sinalados na cláusula 9 do cadro de características do prego de cláusulas administrativas particulares.

Solvencia técnica e profesional: deberá xustificarse polos medios sinalados na cláusula 10 do cadro de características do prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación de ofertas.

Data límite de presentación: o vixésimo sexto día natural contado a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o día de finalización do prazo é domingo ou festivo, prorrogarase ata o primeiro día hábil seguinte.

Documentación que hai que presentar: ver o prego de cláusulas administrativas particulares.

Lugar de presentación de proposicións: efectuarase no Rexistro da Axencia Turismo de Galicia, praza de Mazarelos, 15, 15703 Santiago de Compostela, en sobres pechados. Se



as proposicións se cursan por correo haberá que aterse ao previsto na cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Criterios de adxudicación: a oferta máis vantaxosa tendo en conta os criterios que figuren no prego de cláusulas administrativas particulares.

Admisión de variantes: non se admiten.

9. Apertura das ofertas.

O acto público de apertura dos sobres B e C terá lugar na sala de xuntas da Axencia Turismo de Galicia na data e na hora que será anunciada, con 3 días hábiles de antelación á súa realización, no perfil do contratante <http://www.contratosdegalicia.es>

10. Gastos do anuncio: por conta do adxudicatario. O importe estimado máximo DOG por liña é 10,82 euros.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2015

M^a Nava Castro Domínguez
Directora da Axencia Turismo de Galicia

CVE-DOG: zdai40b1-kab5-cae0-1hr7-hce2dijobme0

